



Friaxe no Centro de Saúde do Milladoiro... e non só polo inverno!

O BNG de Ames insta ao Sergas a resolver de xeito inmediato o problema da caldeira do Centro de Saúde do Milladoiro, que afecta á subministración de calefacción e auga quente deste equipamento dende a súa entrada en funcionamento.

Ames, 3 de febreiro de 2022. De xeito intermitente, días enteiros sen calefacción nin auga quente en pleno inverno, coa conseguinte friaxe nas consultas, que provocan as lóxicas queixas de doentes e traballadores e traballadoras. Estes vense obrigados, mesmo, a levaren as súas propias fontes de calor tanto para traballaren como para evitaren arrefriamentos importantes nas persoas que acoden a consulta, especialmente nos servizos de pediatría. A situación parece deberse a un mal dimensionamento inicial da caldeira e á inadecuada planificación na subministración do combustible (pellets), polo que o frío e falta de auga quente (e isto non é só unha molestia, senón que afecta directamente a algúns servizos) acompañan de xeito intermitente o centro de saúde dende a súa inauguración, fixo o pasado xaneiro só dous anos.

O BNG de Ames insta ao Sergas a resolver dunha vez esta *fría situación* para conseguir unhas condicións de traballo óptimas para o persoal sanitario e administrativo que nel traballa, así como para ofrecer unha contorna axeitada aos doentes que alí acoden. Así mesmo, mentres non se resolve a situación, anima ás persoas usuarias a presentaren reclamacións no centro médico.